

## Ciencias

O martes, traballamos as características principais das plantas (a maioría son de cor verde, non ten aparato locomotor, fabrican o seu propio alimento a través dun proceso chamado fotosíntese...). Ademais, vimos as partes en que se divide unha planta: raíz, talo e follas.

Como todo ser vivo as plantas realizan as tres funcións vitais: Nutrición, relación e reprodución. Con respecto a esta última, hoxe ímonos centrar no principal órgano reproductor das plantas que é a **FLOR**.

Para coñecer que partes ten a flor debes ler detidamente a páxina 27 do libro e ver o vídeo que nos explica a función de reprodución das plantas.

Unha vez feito isto, resposta as seguintes preguntas:

**1. Responde**

- **Como se chama a parte feminina da flor?**
  
- **Que contén ?**
  
- **Como se chama a parte masculina da flor?**
  
- **Que contén ?**
  
- **O conxunto de pétalos chámase.....**
- **O cáliz é o conxunto de .....**
- **As plantas necesitan ..... para respirar.**

**2. Copia o debuxo e coloca as partes da flor:**

